



## Prego de prescricións técnicas que rexerán o contrato de subministración e instalación dunha aplicación informática de XESTIÓN TRIBUTARIA e RECADACIÓN do Concello de Noia.

---

### 1 Introducción

O Concello de Noia está inmerso nun proceso de profunda reestruturación e modernización dos programas de control do Concello, co obxectivo de ofrecer un mellor servizo aos seus cidadáns.

Dentro deste proceso de modernización as aplicacións proporcionadas pola Deputación de A Coruña teñen un papel central, xa que permiten a modernización na xestión e control dos procedementos administrativos do Concello e posibilitan avances cara unha atención integral ao cidadán, de acordo ao estipulado na lei 11/2007.

Dentro dos obxectivos da Deputación de proporcionar un mellor servizo aos municipios engádese este ano unha nova aplicación de contabilidade que se pon a disposición dos municipios mediante un escenario de servidor central e acceso dos usuarios a través de interface Web. Ademais a Deputación dispón do servizo de asesoría contable e económica que pon á disposición dos municipios.

O Concello considera de interese o novo escenario proporcionado pola Deputación e fará uso da súa aplicación de contabilidade.

Por todo isto, o Concello de Noia está interesado na compra dunha aplicación de xestión tributaria e recadación que permita mellorar a eficiencia dos servizos do Concello e que teña unha plena integración coa devandita aplicación de contabilidade proporcionada pola Deputación de A Coruña.

Na actualidade os diferentes padróns dos tributos e taxas do Concello estanse a levar a través de múltiples orixes de datos e sen unha estrutura unificada, cun rúeiri non integrado e con desfasamentos e erros herdados.

O Concello xestiona directamente todos os seus tributos e taxas, agás os tributos de IBI (urbana e rústica) e IAE que están delegados na Deputación de A Coruña. A recadación dos tributos e taxas xestionados realízase tanto en voluntaria como en executiva.

O Concello considera, como non pode ser doutro xeito, moi importante a correcta xestión dos ingresos do municipio, necesitando para iso unha ferramenta informática que mellore e facilite a xestión tributaria e a recadación.

### 2 Características da aplicación de Xestión Tributaria e Recadación.

#### A. *Integración co sistema de xestión contable e económica da Deputación de A Coruña.*

*A integración da aplicación de xestión tributaria e recadación deberá permitir a integración e a contabilización automática en tempo real coa nova aplicación de contabilidade proporcionada pola Deputación de A Coruña.*

## **B. Características básicas**

- ◆ Posibilidade de personalización e de fácil adaptación ás necesidades do usuario.
- ◆ Escalable: partindo dun módulo inicial o sistema permitirá ampliar as posibilidades de xestión, adaptándose ás necesidades que haxa en cada momento.
- ◆ Mantemento de históricos: as accións que se leven a cabo en relación a datos almacenados rexistraranse con indicación do usuario, do tipo de movemento, da data de efectos e da data do sistema.
- ◆ Interface de usuario cómoda e de uso fácil.
- ◆ Xeración de informes, listaxes e explotacións estatísticas de datos definibles polo usuario.
- ◆ Adaptación completa ás esixencias de control que haxa por parte doutros organismos ou administracións cos que o Concello manteña intercambio de información.

## **C. Características relacionadas coas bases de datos do territorio**

- ◆ Disporase dunha base de datos de información territorial do municipio de carácter unitario, que sirva como referencia aos diferentes módulos de xestión de tributos e recadación, e evite problemáticas derivadas da xestión de información que provén de administracións externas (Catastro, Facenda, Dirección Xeral de Tráfico, etc.). Para este fin, achegaranse diferentes aplicacións e utilidades, que permitirán resolver as diferenzas existentes na nomenclatura dos elementos territoriais, segundo información achegada polas administracións mencionadas e a propia do consistorio local.

## **D. Características relacionadas cos contribuíntes**

- ◆ Mantemento dunha base de datos unificada de contribuíntes, integrada con bases de datos doutras aplicacións (Padrón de habitantes, Contabilidade, Expedientes, Rexistro...) para a obtención de datos de persoas. Incluirase o tratamento de persoas físicas e xurídicas, diferentes tipos de documentos acreditativos, enderezo fiscal, número de teléfono e fax, dirección de correo electrónico, etc.
- ◆ Mantemento de datos dos posibles representantes legais, coa mesma tipoloxía de datos que os mencionados para os contribuíntes.
- ◆ Mantemento de históricos de contribuíntes, nos cales se rexistran todos os movementos (altas, baixas e modificacións), usuarios e datas dos movementos levados a cabo e datas do sistema dos movementos rexistrados.
- ◆ Posibilidade de consultar e recuperar a información dada de baixa.
- ◆ Mantemento de domiciliacións bancarias xenéricas do contribuínte, con posibilidade de domiciliación específica a nivel de obxecto tributario. Disporase dunha ferramenta flexible para o mantemento e modificación masiva das diferentes domiciliacións que poida ter o contribuínte a nivel xenérico ou específico nos obxectos tributarios.
- ◆ Visualización de datos dos obxectos tributarios cuxa titularidade pertence ao contribuínte, mediante información en pantalla de forma resumida ou completamente detallada.
- ◆ Visualización de recibos e liquidacións xerados e traspasados a recadación, con indicación detallada de toda a súa información e estados.



Concello de Noia

Rúa Rosalía de Castro, 2  
15200 - NOIA - A Coruña  
Teléfono: 981842100  
Fax: 981821741

[www.noia.es](http://www.noia.es)

- ◆ Impresión de ficha detallada coa información do obxecto tributario.
- ◆ Posibilidade de xerar documentación para a autorización de domiciliacións, certificación de titularidade de tributos, inclusión no padrón, etc.

### *E. Características relacionadas cos obxectos tributarios*

- ◆ Motor único de xestión da información dos obxectos tributarios, adaptado especificamente ás referencias, descritores e identificadores de cada tipoloxía de tributos cando se dispoña dos módulos correspondentes.
- ◆ Mantemento de históricos de obxectos tributarios, nos cales se rexistrarán todos os movementos (altas, baixas e modificacións), usuarios e datas dos movementos levados a cabo e datas de sistema dos movementos rexistrados.
- ◆ Posibilidade de manter domiciliacións bancarias específicas a nivel de obxecto tributario, con independencia doutras domiciliacións xenéricas que poida ter o contribuínte titular do obxecto.
- ◆ Posibilidade de especificar domicilios, fiscais ou a efectos de notificación, específicos para cada obxecto tributario concreto.
- ◆ Impresión de ficha detallada coa información do obxecto tributario.
- ◆ Posibilidade de xerar documentación para a autorización de domiciliacións, certificación de titularidade de tributos, inclusión no padrón, etc.
- ◆ Visualización de datos dos recibos e liquidacións cuxa titularidade pertence ao contribuínte, mediante información en pantalla de forma resumida ou completamente detallada.

### *F. Características relacionadas cos padróns*

- ◆ Aplicación única de xeración de padróns de recibos, independentemente do tributo, que facilite e simplifique a súa utilización.
- ◆ Posibilidade de xestión de padróns de recibos en tres estadios: provisional, definitivo e traspasado a recadación. Todos eles reversibles e eliminables, agás no caso de padróns traspasados a recadación sobre recibos nos cales se levasen a acabo actuacións (cobros, entregas a conta, baixas...).
- ◆ Poderanse levar a cabo simulacións con aplicación de diferentes importes e conceptos relacionados coas tarifas. Permitirase, asemade, a xeración de recibos aplicando filtros en función de calquera dato específico do concepto tributario xestionado.
- ◆ Posibilidade de xerar padróns con división dos recibos en diferentes prazos; beneficiando, se así se desexa, do adiamento tan só aos recibos domiciliados.
- ◆ Ferramentas para a xeración de listaxes de padróns, con ferramentas adaptadas ás necesidades do Concello para o filtrado de información e a emisión de informes.
- ◆ Mantemento de histórico de todos os padróns xerados en exercicios anteriores, con visualización compacta da información e posibilidade de expandir esta e consultar o seu

